



Como automatizar: sentando as bases con NixOS e Scala CLI



19.06.2024



17:30 – 19:30 H



CENTRO GAIÁSTECH

Cal é o programa?

Mesa redonda con noticias sobre témasvos tratados nas presentacións

1ª Charla. NixOS: Todo en todas partes ao mesmo tempo

- Esta charla presenta NixOS, unha distribución de Linux que redefine a forma en que os usuarios experimentan o equilibrio entre estabilidade e características dun sistema operativo. A diferenza doutras distribucións, NixOS permite configurar e reproducir todo o sistema desde un só arquivo, ofrecendo unha cantidade incomparable de paquetes novos e a capacidade de reverter cambios problemáticos con facilidade. Esta capacidade garante entre outras cousas, aos seus usuarios para gozar das últimas innovacións sen comprometer a estabilidade do seu sistema. Podendo facer rollback en calquera momento.

2ª Charla: Scripting para a limpeza de datos con Scala-CLI

- O ecosistema de Scala 3 está a crecer cada vez máis e xa ofrece ferramentas estables e sinxelas para abordar tarefas repetitivas de forma segura, eficiente e robusta.

Cando e onde?

19 de xuño de 2024

De 17:30 a 19:30 H

- Presencial: Centro GaiásTech** (Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM), Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela)

Para quen?

- Todos os públicos

Por que?

Moitas das tarefas que realizamos no día a día poden ser parcial ou totalmente automatizadas. Algunhas ferramentas de AI buscan dar resposta a esas necesidades. Nesta charla veremos como se poden configurar e automatizar certos procesos sen necesidade de recorrer a ferramentas complexas - como as de AI - de forma totalmente gratuíta.

Quen imparte?

AI & Data Insights Hub Galicia é o punto de encontro para apaixonados da análise de datos, manexo de datos, presentación de datos e intelixencia artificial.

Inscríbete!



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA